


A identidade de Galicia na globalización

Description

Hai uns meses conseguín un exemplar do libro “A identidade de Galicia na globalización: Sociedade, Lingua e Cultura” coordinado por Uxío-Breogán Diéguez e Dolores Vilavedra, froito da sexta edición dos Foros do Instituto de Estudo das Identidades do Museo do Pobo Galego. As distintas sesións sucedéronse entre novembro e decembro do 2020, ano primeiro da pandemia, o que lle confire un aura especial as gravacións en youtube nas que agora se poden ver as intervencións.

O volume é compacto e un documento moi interesante para a galeguidade no S.XXI pola pluralidade das aproximacións á identidade galega na globalización, tanto de persoas consolidadas como de novas investigadoras dos estudos galegos. O libro divídese nas cinco sesións nas que se organizaron os temas e avanza na actualización do coñecemento e da imaxe da Galicia actual, encapsulada na publicación desde distintas dimensións: dos significados da identidade no mundo global, a xestión do patrimonio, o impacto das migracións de ida e volta, a comunicación dixital ou a a creación cultural en galego no mundo da internet, sen fronteiras nen distancias. Cando vin o programa alegroume ver a tantas investigadoras do IGADI entre as persoas participantes, así que aproveito esta breve reseña para poñer o acento nos seus textos, aínda que realmente o libro de arriba a abaixo, é unha ferramenta de autoestima colectiva.

Por exemplo, destaco e fanse necesarias as intervencións da Luzía Oca e Antía Caramés. Se Luzía achega a experiencia e o exemplo real das Afrogalegas, o seu exercicio de galeguidade no S.XXI e a súa relación con outras identidades, Antía chama a atención sobre elementos novidosos que contornan a galeguidade de agora, nesa imaxe da identidade construída que por tanto é dinámica, estratéxica e posicional.

Non menos importante o apuntado desde a razón cartográfica, a achega de Rubén Lois e a súa moi suxerente -Necesidade do territorio para explicar á identidade galega, implica tamén o adscrito e o material na galeguidade de onte e de hoxe. Tamén o Paulo Carlos López que aparece nun texto breve sintetizando a primeira sesión, pregúntase polo cerne da cuestión, o artefacto da identidade e a porosidade das palabras -falamos da vella alma das comunidades políticas? Finalmente Uxío Novo traza unha intervención arredor da evolución e dimensión internacional da riquísima creación (e xestión) cultural en galego, das que abriron as portas ás máis novas, da poesía á narrativa, do audiovisual ao teatro ou a música, que deleitará aos nostáxicos de Santiago de finais dos 90 na súa gravación en youtube, con reminiscencias daquel primeiro rap gravado en cinta de casete.

O libro coordinado por Dolores Vilavedra e Uxío-Breogán Diéguez (que tamén é membro do Consello de Redacción da revista do IGADI Tempo Exterior) avanza que o rebranding da Galicia global do presente e do futuro está en marcha, acollendo en primeiro lugar un mellor coñecemento de nós mesmos.

A identidade galega avanza tamén co mellor legado da man, nun planeta con riscos globais, no que as ideas de colapso e desabastecementos gañaron impacto na cotidianeidade, da man de fenómenos como o confinamento global de marzo e

abril do 2020, a inflación en marcha, a desigualdade e a polarización, a ameaza climática e enerxética, ou mesmo a caída do tabú nuclear. Todos eles procesos que seguena implicar un proceso de diálogo e interacción co escenario global, acompañando e transformando a nosa identidade…

Agardamos neste mundo en erupción poñer o mellor de nós mesmos como célula de universalidade, construír solucións e futuros compartidos. Parabéns oceánicos ao xigantesco e imprescindible Museo do Pobo Galego, así como ao Consello da Cultura, que colaborou activamente na realización do devandito Foro.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Acción exterior de Galicia

ETIQUETAS

Paradiplomacia Galicia Globalización internacional identidades

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Paradiplomacia

Date Created
Novembro 30, 2022
Meta Fields

Autoria :	3782
Datapublicacion :	20221130